



## Concello de Noia

Bo día:

Co galo do 25 de novembro “Día Internacional contra a Violencia de Xénero” a Concellería de Benestar, Servizos Sociais e Igualdade de Noia, a través do Centro de Información Á Muller (CIM), organiza a campaña “**RACHANDO CO MEDO**” .

O obxecto desta campaña é a sensibilización a todas as persoas que participen nela, directa ou indirectamente, na temática da igualdade e prevención da violencia de xénero, tentando acadar unha sociedade, e máis concretamente, unha rapazada libre de prexuízos e de estereotipos sexistas, baseándonos no respecto e na tolerancia.



Actividades a desenvolver:

### - Concurso INSTA-FOTO “RACHANDO CO MEDO”

Para participar neste concurso haberá que enviar unha fotografía relacionada coa igualdade e a prevención da violencia de xénero. Cada foto irá acompañada dun #hashtag que represente á imaxe.

As bases deste concurso poderanse consultar no instagram @rachandocomedo ou no facebook de servizos sociais do Concello de Noia.

Poden participar todas as persoas que o desexen, de xeito individual, por parellas ou en grupo, enviando unha fotografía ao correo electrónico: [rachandocomedo@gmail.com](mailto:rachandocomedo@gmail.com) indicando o nome e apelidos da persoa participante, o seu DNI, teléfono de contacto e correo electrónico.

As persoas participantes **menores de idade** terán que aportar xunto con estes datos o consentimento dos pais ou titores para a participación no concurso, cubrindo debidamente o anexo I das bases ou un modelo similar.

Só se poderá concursar cunha única foto por participante. Permítese o uso de calquera programa de edición sempre e cando o presenten en calquera destes formatos: jpg, gif, png, bmp,tif.

Repartiranse 6 premios ás mellores creacións en forma de vales de compra en distintas tendas do Concello de Noia: 1º Premio: 300 euros, 2º Premio: 200 euros, 3º Premio: 100 euros e tres 4º Premios: de 50 euros cada un.

Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741



Cod. Validación: 359NSZHSDDAD5LX6ATCZDXAML | Corrección: <https://noia.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Noia

---

### - *Faladoiros para rapazada*

Durante os venres 19 e 26 de novembro e 3 de decembro falaremos de xeito distendido e divertido sobre temas que nos preocupan, o xeito de relacionarnos, qué sabemos da violencia de xénero, educación sexual, como resolvemos os conflitos, as redes sociais, etc.

Hora: de 19 a 21 horas

Lugar: Casino de Noia

Idade: a partir de 14 anos

Inscrición: no correo [rachandocomedo@gmail.com](mailto:rachandocomedo@gmail.com) ata o día anterior a cada faladoiro.

### - **Escape Room: MISIÓN IGUALDADE**

O sábado 27 de novembro terá lugar un trepidante xogo de escape, moi divertido que desafiará as habilidades e os coñecementos da rapazada.

Hora: de 11 a 13 horas

Lugar: Casa da Agra (clube de xubilados)

Idade: entre 12 a 16 anos

Inscrición: no correo [rachandocomedo@gmail.com](mailto:rachandocomedo@gmail.com) ata o 26 de novembro

Esperamos poder contar con todas e todos vós nestas actividades!!!

Un cordial saúdo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

